



A FOLLA DA CGT

Núm. 72 - 9 xullo 2021

Cláusula de Fidelización/Productividade

En xuño, a empresa informou que ía incluír na cláusula de fidelización/productividade o importe correspondente a 2020.

A regulación deste concepto vén recollida no **artigo 35** do convenio. Na nómina aparece reflectido no cadro de datos mes actual/acumulados como "Clau. Fidelización Provisional" xunto coas cantidades correspondentes.

Trátase dunha **bolsa** individual onde se integran os importes que vai aportando a empresa anualmente. Tales importes son un **0,6% sobre o total das retribucións anuais que cada traballador percibe, aínda que no período 2018-2021 se lle engade un 0,2% máis**. Pero esta cláusula está suxeita a condicións:

- 1) Para que se acumule o importe correspondente a cada ano, ten que haber unha **"mellora nos resultados da compañía sobre o ano anterior"**.
- 2) **A máis importante**. Só se poderán percibir as cantidades acumuladas cando **se cause baixa definitiva na empresa e se teñan máis de 60 anos de idade e 20 de antigüidade**.

#Xustiza para Samu

As concentracións e manifestacións que o luns encheron as prazas e rúas do Estado español esixindo xustiza polo brutal asasinato homóforo de Samuel contrastan co atronador silencio dos grandes medios de comunicación e coa complicidade da xustiza e a policía, ante os fascistas que asasinaron a Samuel e que cada día aterrorizan ó colectivo LGTBI.

Por desgraza, isto resulta familiar. Vímolos no caso da "Manada de Pamplona", dos mozos de Altsasu ou de Juana Rivas. Un aparato do Estado cheo de auténticos franquistas que sempre cuestionan ás vítimas e defenden a presunción de inocencia dos agresores. ¿Alguén se imaxina a eses mesmos xuíces, policías e medios de comunicación clamando pola presunción de inocencia dun independentista catalán ou dun simpatizante da esquerda abertzale? Por suposto que non!

Á clase traballadora nunca nos regalaram nada, todo o tivemos que conseguir coa loita. Tamén temos que loitar para que se faga xustiza con Samu.



Concentración #xustizaparaSamu o luns en Ferrol

MANIFESTACIÓN NACIONAL ANTE O ODIO E A VIOLENCIA, NON MOSTRES INDIFERENCIA
#XustizaParaSamuel

A CORUÑA
Domingo 11, 19:30h
Praza da Palloza ate
María Pita



CONVOCAN:
AVANTE LGTB+
Amizando
Abrir Fenda
CASCO
Coruña Antifascista
LESCoruña
GOTAS

En María Pita, aquelas persoas que por motivos de diversidade funcional precisen dun espazo para ler os boiros, escoitar mellor ou ter sitio para as cadeiras de rodas; terán o seu espazo diante do concello

Tubacex: o ERE é declarado nulo!

Tras 146 días de folga indefinida, o Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco declarou nulo o ERE de Tubacex, polo que a empresa terá que readmitir os 129 traballadores que pretendía despedir nas plantas de Laudio e Amurrio.

Novamente estamos ante unha vitoria conquistada nos tribunais grazas a unha loita dura e exemplar.

Dende a **CGT** de Navantia Ferrol felicitamos ós compañeir@s polo éxito e polo tremendo exemplo.

¡Tubacex Borrokan!

¡A loita serve, a loita continúa!

Un novo ataque contra as pensións

O 28 de xuño anunciouse un acordo entre Goberno, CEOE e CCOO-UGT para a reforma das pensións. Na propaganda deste acordo preséntanse como "melloras" medidas que na práctica suporán un recorte da contía das pensións:

1) Elimínase o *factor de sostibilidade* (creado pola reforma pactada entre Zapatero e CCOO-UGT en 2011 e que provocaría a diminución continuada das pensións ó vencellalas coa esperanza de vida), pero para substituílo por un *factor de equidade interxeneracional* do que nada se di, salvo que se definirá en 2022 e se aplicará en 2027. Pero o ministro Escrivá xa deixou claro de que vai a cousa: que os futuros pensionistas **cobren menos** ou **traballen máis**.

2) O *índice de revalorización das pensións*, aprobado na reforma do PP de 2013, limitaba a revalorización ó 0,25% en caso de déficit. Esta limitación desaparece, pero a revalorización queda vinculada coa variación interanual media do IPC, cuxa estrutura parécese ben pouco ó gasto dos pensionistas (véxase a factura da luz).

O máis grave deste acordo é que vai xeneralizar a xubilación ós 67 anos. O mecanismo principal consiste nun ataque frontal á xubilación anticipada, xa que o desconto máximo por adiantala en dous anos pasa do 16% ó 21%. E para aqueles traballadores despedidos ós que a lei lles permite adiantala 4 anos (a situación dos traballador@s de máis idade cando son despedidos), o desconto chega ata o 30%!

Aínda por riba, estes descontos, que ata agora se aplicaban sobre a **base reguladora**, aplicaranse sobre a **contía da pensión**, o que significaba que tódolos afectad@s verán a súa pensión recortada **si ou si**. Pero para quen si hai cartos é para quen siga traballando: ata 12.000 €. A reforma tamén prohibirá con carácter xeral as cláusulas de xubilación forzosa nos convenios. ¿Así é como o PSOE e Unidas Podemos pretenden reducir a



idade de xubilación?

En contraste, as grandes empresas e bancos que axusten plantillas mediante xubilacións anticipadas poderán pagar menores indemnizacións cargando sobre a Seguridade Social o custo de ditos axustes. Ademais os empresarios terán importantes descontos nas súas cotas, para compensar o custo de manter en activo a traballadores máis aló da idade ordinaria de xubilación.

O obxectivo destes recortes é favorecer aínda máis a privatización das pensións.

A institucionalización e o abandono total da mobilización nas rúas por parte de Unidas Podemos está a ter consecuencias dramáticas para a clase traballadora. Este acordo só é un anticipo dos efectos que ten a política de paz social neste contexto de ofensiva do capital. Hai que retomar xa a mobilización na rúa!

Goberne quen governe, as pensións se defenden!



Saída de vacacións

A **CGT** deséxavos a todos e todas que gocedes as vacacións o máximo que permitan as circunstancias provocadas pola pandemia.

Á volta das mesmas retomaremos a publicación da Folla.



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móvil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte información nas
RRSS

